



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E TRES DE XUÑO DE 2021, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES/AS ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
Escusa asistencia:	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
Escusa asistencia:	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ D ^a . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA D ^a . RAQUEL SANGIAO DURÁN D. CARLOS GARCÍA CUTRÍN D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día vinte e tres de xuño de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores. (26/05/2021)

Dáse conta da acta da sesión plenaria celebrada o día 26/05/2021, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Acordo, se procede, sobre moción do grupo municipal do BNG para a planificación e ordenamento das explotacións agrícolas municipais.

Dáse conta da citada moción presentada polo Grupo Municipal do BNG, na que expoñen que historicamente Vedra subministraba o viño a importantes adegas compostelás que logo distribuían nas tabernas e nas casa da cidade, se ben no ano 2000 a incorporación de Vedra á denominación Rías baixas, baixo a subzona Ribeira do Ulla, mudou para sempre o sistema de cultivo tradicional do concello.

O éxito acadado nos últimos tempos polas adegas de Vedra e o bo camiño emprendido polos viticultores locais, actuou como un reclamo para as grandes multinacionais do sector, que se están a facer con gran parte da terra válida para este cultivo, xerando un proceso de concentración de terra nunca antes vista na comarca. Ao mesmo tempo contamos cunha das redes de pequenas empresas de agricultura en ecolóxico máis senlleiras da comarca.



A subcontratación do cultivo e mantemento das viñas a pequenas empresas da comarca, con contratos nos que se sanciona o incumprimento na entrega da uva, fai que cando a colleita non responda ás expectativas contratadas, as empresas subcontratadas intensifican os tratamentos fitosanitarios, reducindo os tempos de descanso entre tratamento e tratamento, e incumprindo as recomendacións de boas prácticas agrícolas.

Debido á forte dispersión do concello e á nula planificación municipal, moitas casas, lugares e mesmo aldeas enteiros quedaron expostas a estes excesos de fitosanitarios en suspensión, causando nalgún caso serios problemas para a saúde.

Ademais o uso de abonos e fitosanitarios de maneira descontrolada poden danar a rede de augas freáticas nas contornas onde se localizan, e supoñen unha serie ameaza para as explotacións en ecolóxico que levan décadas instaladas no concello.

A rapidez da posta en explotación das viñas e o nulo seguimento municipal das obras de adaptación dos terreos e a falta de planificación e insensibilidade das grandes empresas que mercan os terreos están a causar serios problemas de correntes de terras, desarraigo de substrato por arrastre de terras por efecto das choivas, deterioro de espazos comúns, espazos protexidos, propiedades privadas etc

Sinalan que Vedra debe seguir sendo horta de Compostela e unha das zonas vitivinícolas de maior éxito do país, sen renunciar ás explotacións de agricultura ecolóxica, nin ás explotacións vitivinícolas tradicionais ou aos novos modelos de explotación.

Para iso cómpre ter unha regulación e control do proceso, unha expansión ordenada, sen prexuízo para a saúde da veciñanza, para os valores históricos, acuíferos, ou as explotacións tradicionais.

Un SIX é un sistema de información xeográfica, que crea a partires dun modelo dixital do concello, do PXOM, do mapa de precipitacións, dos ventos dominantes e das tipoloxías de cultivos existentes: unha topografía dixital de Vedra. Esta base de datos permite unha análise da contorna e devolve información.

O BNG cree que é unha boa ferramenta para a xestión do territorio, polo que solicita:

1.-A creación dun sistema de información xeográfico, que recolla as características indicadas.

2.- O SIX deberá dar cobertura como mínimo, ás seguintes necesidades mediante planimetría e código de cores:

*Risco de afectación por contaminación ambiental por arrastre aéreo de fitosanitarios procedentes de explotacións vitivinícolas (espazos habitados).

*Risco de afectación por contaminación de terras por fitosanitarios procedentes de explotacións vitivinícolas (cultivos en ecolóxico)

*Localización de pozos, corgos, cursos de auga freática, regatos e cursos fluviais en áreas susceptibles de ser ocupadas (ou xa ocupadas) por viñado e explotacións gandeiras, e a súa codificación polo risco de contaminación por proximidade de explotacións vitivinícolas ou gandeiras.

*Idoneidade de implantación de explotacións en ecolóxico.



*Idoneidade de implantación de explotacións de viñedo.

*Áreas de especial protección medioambiental, histórica, patrimonio,etc

3.- Os datos aportados polos SIX serán de dominio público, creando unha plataforma dixital de consulta.

4.- Realizar un seguimento municipal das áreas susceptibles de contaminación ambiental, con especial control dos procesos de aplicación de fitosanitarios, as frecuencias e intensidade de aplicación, así como a canalización das denuncias (de ser necesarias) nas proximidades de espazos habitados, ou de cultivo en ecolóxico.

5.- O control das obras de adecuación dos terreos dedicados a novas explotacións agrarias, esixíndolles ás empresas propietarias dos terreos, a restitución á orixe dos danos e deterioro da propiedade pública e privada producidos polas súas actuacións. (Incluída a solicitude de fianzas en depósito previo ao inicio das obras, modificando a normativa municipal da mesma maneira que se fixo recentemente cos madeireiros e os permisos de talas).

6.- A protección de espazos históricos ou patrimoniais, afectados polas obras de adecuación ás novas tipoloxías de explotación agraria.

A Presidencia expón que o seu grupo ten matizacións nalgúns puntos da proposta, en concreto:

*No punto 2º retirárase “Idoneidade de implantación de explotacións en ecolóxico “ e “Idoneidade de implantación de explotacións de viñedo”.

O Sr. Pose admite que se retiren eses dous puntos.

*No punto 4º engadirase ao principio “ Creado o SIX....”

*No punto 5º quedaría redactado do seguinte xeito “O control das obras de adecuación dos terreos dedicados a novas explotacións agrarias, esixíndolles ás empresas propietarias dos terreos, a restitución á orixe dos danos e deterioro da propiedade pública producidos polas súas actuacións (Incluída a solicitude de fianzas en depósito previo ao inicio das obras que necesiten licenza ou comunicación previa, modificando a normativa municipal da mesma maneira que se fixo recentemente cos madeireiros e os permisos de talas)

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, solicita a aprobación polo Pleno para a aprobación dun SIX, que é unha ferramenta informática que modela todo o territorio do concello ou a parte que se desexe, sacando en tres dimensións toda a superficie do concello e vai creando capas unha encima doutra dependendo do que se queira facer. Créase, por exemplo, unha capa co vento dominante, co PXOM, co tipo de terreo que hai, de tal maneira que despois o que fai o software é facer unha simulación do que pasa. Pódese ter información, por exemplo de onde vai parar o sulfato cando hai un vento dominante ou un abono no substrato e mesmo o que pasa cos leitos fluviais, etc.

No concello existe un problema. Cando entrou o concello na Denominación de orixe Rías Baixas, e iso supuxo por unha parte un éxito porque as bodegas de Vedra gañaron premios, pero tamén abriu a porta a empresas multinacionais que están mercando moitas hectáreas. O concello de Vedra leva 200 anos facendo viño nas casas e cando aparecen as explotacións desta magnitude xeran problemas na poboación de Vedra. Cando



sulfatan cada semana hai veciños que están comendo iso, houbo contaminación de augas, desprendemento de terreos, etc.

Para protexer as explotacións en ecolóxico, as aldeas, os veciños, para facer un mapa de perigosidade onde se poidan localizar as zonas de especial vulnerabilidade, etc precisase desa ferramenta que cre que é indispensable para o concello.

A Presidencia di que no preámbulo da moción hai cousas coas que non está de acordo. Non pode esquecer que son os propios veciños de Vedra os que cultivan, venden e alugan a súa terra. Hai asociacións de viticultores que son os que canalizan estas cuestións e están na súa completa liberdade de facelo. Prefire ver terreo que era improdutivo antes, velo agora producindo.

Cando fala da subcontratación do cultivo e mantemento de viñas a pequenas empresas da comarca, con contratos que sancionan o incumprimento na entrega de uva, etc. cre que a maior parte da xente non fai ese tipo de contratos. Si é certo que negocian a uva e a venden, pero son eles os propios viticultores os que pactan a súa propia produción cunha bodega determinada.

Cre que ás veces esaxera tanto os argumentos que dá que os desvirtúa.

Moitas das fincas que están comprando as grandes bodegas aínda non están en produción, polo que non hai ese perigo da suspensión dos fitosanitarios que di na moción. Cre que hai xente de grandes bodegas, de medianas bodegas e de pequenas bodegas que teñen boas prácticas na agricultura, así como ao revés tamén.

Está de acordo en que hai un cambio de paradigma coas grandes compras de extensión. A compra desas grandes superficies esixe unha correcta planificación, un seguimento e tratar de evitar problemas como os que sucederon.

No concello caben todos e cre que deben protexer a todos.

Na comisión informativa fixeron unha serie de suxestións ao que propoñían na moción e cre que poden chegar a un acordo.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que a moción é completa e que todos os concellos deberían ter un SIX. Cre que isto vén a conta do que está acontecendo coa masiva plantación de viñado que se está facendo no concello de Vedra.

O seu grupo vai apoiar a moción.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, acepta as modificacións pactadas e por suposto non ten ningún problema en que veñan as grandes empresas a Vedra; o problema está en cando se depreda o territorio.

A Presidencia di que esta é unha ferramenta custosa, e por outra parte, o concello non pode impedirle a un veciño propietario algo que lle permite a lei.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta que lle esixe a lei a esas grandes plantacións de viñado que xeraron toda esta controversia.

A Presidencia responde que respecto a iso, hai que esperar que a APLU aclare por escrito certas dúbidas que existen no departamento de urbanismo.

Posta a votación, apróbase por unanimidade coas modificacións propostas.



3º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

-- Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre o punto de servizos para as autocaravanas, di que toman nota.

2º.- Respecto a se algunha comisión de festas contactou co concello e se vai haber limitación de aforo, di que houbo unha xuntanza con un representante de cada parroquia para ir vendo a previsión que había. Esta semana coñecerase o protocolo que vai esixir a Xunta de Galicia ao respecto, e tan pronto o teñan volverán convocar as comisións para informalos.

O concello vai intentar que as comisións que queiran facer festas, as poidan celebrar nas mellores condicións posibles.

3º.- Sobre se é verdade que vai marchar un médico do centro de saúde de Vedra, e no caso de que sexa certo, se vai vir un substituto ou vai quedar en déficit, di que segue habendo tres médicos en Vedra.

4º.- Respecto ao problema que existe no cruce de Sarandón, di que xa está contestada.

5º.- Sobre a porcentaxe de extensión da rede de saneamento e da rede de abastecemento por parroquias, responde que aínda non o fixo.

-- Ás preguntas formuladas por dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre por que non se reactivaron as actividades deportivas dos nenos e si as de adultos, e como se van axustar os importes pagados e non gozados, a Presidencia di que en canto aos importes vanse compensar, ben devolvendo a parte proporcional ou ben se seguen para o ano inscritos nas actividades compensar eses cartos.

A diferenza eran os protocolos. No tema do deporte hai por un lado o deporte federado cos seus protocolos, o ámbito escolar cos seus protocolos, e o ámbito das actividades extraescolares deportivas que era o que lle afectaba ao concello.

Nese ámbito, ata mediados de maio, os grupos eran de catro participantes máis un monitor. Nas actividades de maiores non había ese problema porque se separaban e entendíase como actividade individual.

Nos nenos iso é moi difícil ou case imposible, sobre todo cando o que queren é contacto. Un monitor non podía atender varios grupos de catro, e por iso era inviable e íanse incumprir as normas.

Dende esa perspectiva, a decisión tomouse en función da normativa e en consenso cos técnicos correspondentes e decidiuse non reactivar as actividades infantís. Cando aumentaron a capacidade dos grupos, faltaban 3 semanas para a finalización da tempada.

Concellos de toda a comarca e de todas as cores políticas adoptaron decisións similares. Esperan poder retomar as actividades cara o próximo curso.

2º.- Respecto a quen é o responsable dos membros do equipo de goberno do punto limpo, a Presidencia di que as responsabilidades en moitos temas do concello están



compartidas, polo tanto non hai cambios. Hai dúas concellerías, a de obras e a de medio ambiente que son as responsables, o mesmo que a Alcaldía. O concelleiro de obras e o alcalde teñen dedicación exclusiva e o de medio ambiente non, o cal é un matiz importante á hora de determinar certas responsabilidades.

3º.- Sobre os servizos sociais municipais, di que é unha opinión que neste caso comparte.

4º.- Respecto á inversión por parroquias e á abismal diferenza dunhas parroquias a outras, di que é unha opinión que non comparte.

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. Pose Rodríguez, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre a revisión da estrutura da fervenza do río Pereiro, di que toman nota.

2º.- Respecto do convenio coa nova empresa que xestiona o punto limpo, responde que o pode consultar cando queira.

3º.- Sobre a colocación de limitadores físicos de velocidade no cruce de San Miguel, a Presidencia di que é complexo poñelos nas estradas da Xunta e da Deputación. Entre todas as administracións van intentar unha solución.

4º.- Respecto á reclamación dos veciños de Matelo que nunca tiveron teléfono fixo e agora tampouco poden ter fibra, di que están facendo toda a presión posible pola parte que lle corresponde e está convencido de que ese tema vai quedar solucionado este ano.

-- Ás preguntas formuladas dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto ao arranxo das pistas municipais, di que hai algunhas que están en moi mal estado e outras en mal estado. Algunhas xa se foron reparando coa brigada municipal e outras están xa metidas en plans de asfaltados.

2º.- Sobre a problemática dos viñedos en Vilanova, responde que están a redactar un plan de vertidos e escorrentas que estará para xullo. Despois revisarase polo concello e Augas de Galicia e ten que estar executado en outubro/novembro.

3º.- Respecto á zona valada de xeito feble na que hai unha poza profunda, di que entendeu mal a pregunta. Irán a velo esta semana e tomarán unha decisión.

4º.- Rogos e preguntas.

-- Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Pregunta cal é o problema co punto de servizo coas autocaravanas. Pídelle que diga se o pensa facer ou non.

2º.- Volve solicitar o informe sobre a porcentaxe de saneamento e abastecemento por parroquias do concello.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



3º.- Vai haber unha mesa de contratación para adxudicar o asfaltado de tres pistas con cartos do Agader. Pide que soliciten máis cartos para o asfaltado de vías municipais e que o concello dedique parte do orzamento municipal ao arranxo das mesmas.

4º.- Pregunta cal é a situación da negociación cos propietarios para poder conseguir dotar a San Xián dese espazo público tan necesario.

5º.- Sinala que en San Xián de Sales hai un considerable retraso no reparto do correo debido á constante rotación de carteiros. Espera que esa praza non se amortice.

-- Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Solicita ver a acta que se levantou ao respecto do uso de gasóleo agrícola por un tractor municipal, cando non estaba autorizado para iso. Pregunta se ese vehículo ten algún permiso especial para usar ese tipo de gasóleo.

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Pregunta se realmente teñen pensado realizar algunha actividade na aula Cemit.

2º.- Non sacaron nada no boletín respecto da celebración do Día do Orgullo LGTBI. Espera que o día 28 saia nas redes sociais e solicita que de cara ao próximo ano se faga algunha actividade ao respecto e que saia publicado no boletín.

Conclúe ao fio das vinte e dúas horas e vinte minutos.